

Nome:

Contesta ás preguntas con coidado, só se debe escoller unha opción. Cada acerto suma 0,2 ptos. Cada catro fallos descóntase unha pregunta correcta, as non contestadas non descuentan.

1. **Os elementos básicos dun proceso de comunicación son:**
 - a. **Emisor, receptor, información e canle**
 - b. Emisor, receptor, información, mensaxe e canle
 - c. Emisor e receptor
 - d. Todas son correctas
2. **No caso da telefonía fixa, por exemplo, a canle de transmisión sería:**
 - a. O ar
 - b. **A rede de telefonía básica (RTB)**
 - c. A tecnoloxía UMTS
 - d. A electricidade
3. **A lonxitude de onda dunha onda é:**
 - a. A altura máxima da onda
 - b. O tempo que tarda en completarse unha onda
 - c. **A distancia que hai entre o “principio” e o “final” dunha onda**
 - d. A distancia que hai entre dous puntos calquera da onda
4. A amplitude dunha onda é:
 - a. **A altura máxima da onda**
 - b. O tempo que tarda en completarse unha onda
 - c. A distancia que hai entre o “principio” e o “final” dunha onda
 - d. A distancia que hai entre dous puntos calquera da onda
5. **A frecuencia dunha onda é**
 - a. Igual á velocidade da onda
 - b. O tempo que tarda en completarse unha onda
 - c. **O número de ciclos que fai unha onda nun segundo**
 - d. A distancia que hai entre dous puntos calquera da onda
6. O período dunha onda é
 - a. A altura máxima da onda
 - b. **O tempo que tarda en completarse unha onda**
 - c. A distancia que hai entre o “principio” e o “final” dunha onda
 - d. A distancia que hai entre dous puntos calquera da onda
7. Unha onda que teña unha frecuencia de 2 Hz
 - a. **Terá un período de 0,5 segundos**
 - b. Terá un período de 2 segundos
 - c. Terá un período de 1 segundo
 - d. Terá un período de 0,05 segundos

8. O abano de todas as frecuencias posibles da radiación electromagnética chámase:
- a. Espazo electromagnético
 - b. Entorno electromagnético
 - c. Envolto electromagnético
 - d. **Espectro electromagnético**
9. As ondas de radio son unha manifestación da radiación electromagnética, igual que:
- a. A luz visible
 - b. Os infravermellos
 - c. As microondas
 - d. **Todas as anteriores**
10. A radio comercial tivo a súa gran implantación:
- a. Na década do 1900 ao 1910
 - b. Despois da segunda guerra mundial
 - c. **Despois da primeira guerra mundial**
 - d. Antes da primeira guerra mundial
11. O fenómeno electromagnético que se produce cando unha onda de radio atravesa un conductor eléctrico, producindo nel unha corrente eléctrica, chámase:
- a. Deducción
 - b. **Inducción**
 - c. Convección
 - d. Modulación
12. Nun sistema de radio típico, o paso dun sinal eléctrico a unha onda de radio dase en:
- a. O micrófono
 - b. O receptor
 - c. O altofalante
 - d. **O emisor**
13. O proceso mediante o cal se incorpora a información que se quere transmitir á onda de radio denomínase:
- a. Deducción
 - b. Inducción
 - c. Convección
 - d. **Modulación**
14. A radio ten unha penetración na sociedade española:
- a. Pequena
 - b. Media
 - c. Alta
 - d. **Total**
15. A implantación da Televisión nos EUA tivo lugar en:
- a. **Nos anos 50 do século pasado**
 - b. Nos anos 70 do século pasado
 - c. Nos anos 30 do século pasado

- d. Nos anos 80 do século pasado
- 16. O sistema de transmisión de sinais de TV:
 - a. É analóxico
 - b. **Foi analóxico e agora é dixital**
 - c. Foi dixital e agora é analóxic
 - d. Sempre foi dixital
- 17. **O sinal de TV na TDT transmítese**
 - a. Mediante ondas eléctricas
 - b. **Mediante ondas de radio**
 - c. Mediante ondas dixitais
 - d. Mediante ondas mixtas
- 18. **Os luminóforos están formados por tres pequenos puntos de de luz, cos que se constitúen as diferentes cores, estes puntos son:**
 - a. CMY (Cian- Magenta-Yellow)
 - b. RGW (Red - Green - White)
 - c. CMB (Cian - Magenta - Blue)
 - d. **RGB (Red - Green - Blue)**
- 19. Segundo a tecnoloxía empregada para manipular os lumionóforos temos os seguintes tipos de televisións:
 - a. **As de tubo, as de plasma e as LCD**
 - b. As de plasma e as LCD
 - c. As de tubo e as de plasma
 - d. As de plasma, as LCD e as LED.
- 20. A TDT se implantou en España:
 - a. Nos anos 1990
 - b. No 2000
 - c. **No 2010**
 - d. O ano pasado
- 21. **A saturación do espazo radioeléctrico quere dicir:**
 - a. Que o espazo radioeléctrico presenta moitas interferencias, debido ao cambio climático
 - b. Que hai demasiado espazo radioeléctrico e por iso se crean tantas cadeas novas para enchelo
 - c. **Que as frecuencias do espazo radioeléctrico estaban todas ocupadas e xa non se podían crear máis canles**
 - d. Que as frecuencias de radio e de televisión xeneran cada vez máis enfermidades descoñecidas.
- 22. **Grazas á TDT, no ancho de banda que antes ocupaba unha canle analóxica, agora se poden emitir:**
 - a. Seis canles en alta definición e once analóxicas, ou corenta analóxicas
 - b. Catro canles en alta definición e cinco analóxicas, ou vinte analóxicas
 - c. Dúas canles en alta definición e catro analóxicas, ou vinte analóxicas
 - d. **Un canle en alta definición e outro analóxico ou oito analóxicas.**

23. Algunhas das ventaxas da TDT son:

- a. Navegación por internet a gran velocidade, interactividade, mellor calidade de imaxe...
- b. **Servizos e información asociados, interactividade, mellor calidade e estabilidade de imaxe...**
- c. Servizos e información asociados, tarifa plana de telefonía, mellor calidade e estabilidade de imaxe...
- d. Pódese conectar o ordenador, tarifa plana de telefonía, mellor calidade e estabilidade de imaxe...

24. O inventor do teléfono foi:

- a. Alexander Graham Bell, pero a primeira patente foi de Antonio Meucci
- b. Antonio Meucci, que o patentou e o inventou
- c. Alexander Graham Bell, que o patentou e o inventou
- d. **Antonio Meucci, pero a primeira patente foi de Alexander Graham Bell**

25. As primeiras comunicacións por teléfono tiveron lugar:

- a. Arredor do 1900
- b. **Arredor do 1880**
- c. Arredor do 1840
- d. Arredor do 1820

26. O primeiro cabo telefónico trasatlántico, que posibilitou a comunicación telefónica entre Europa e América, deitouse no ano:

- a. 1925
- b. 1940
- c. **1955**
- d. 1970

27. A implantación da telefonía móbil a gran escala tivo lugar na década de

- a. **1970**
- b. 1980
- c. **1990**
- d. 2000

28. Na RTB (rede telefónica básica), o proceso mediante o cal se conecta un teléfono con outro determinado dáse:

- a. No teléfono emisor
- b. Na central eléctrica
- c. **Na central telefónica**
- d. No teléfono receptor

29. O proceso anterior, no que un dispositivo se encarga de poñer en contacto o teléfono solicitante co número marcado, chámase:

- a. Interconexión
- b. Comunicación
- c. Conferencia
- d. **Conmutación**

30. Os terminais de teléfono móbil, nunha rede celular:
- a. **Emiten periodicamente un sinal de radio que captan as antenas circundantes, de xeito que sempre están localizados.**
 - b. Reciben periodicamente un sinal de radio das antenas circundantes coas súas coordenadas gps.
 - c. Reciben a cobertura das estacións de satélite.
 - d. Emiten periodicamente un sinal de radio que captan os satélites de comunicacións, de xeito que sempre están localizados.
31. Cando un teléfono móbil chama a outro, o esquema de conexión sería:
- a. teléfono emisor - antena celular - antena celular - teléfono receptor
 - b. teléfono emisor - satélite - teléfono receptor
 - c. **teléfono emisor - antena celular -central- antena celular - teléfono receptor**
 - d. teléfono emisor - central - satélite - teléfono receptor
32. Os tres códigos de seguridade máis importantes nun móbil son o PIN, o PUK e o IMEI:
- a. e todos están asociados á tarxeta SIM
 - b. o PIN está asociado á tarxeta SIM e os outros dous ao teléfono
 - c. **O IMEI está asociado ao teléfono e os outros á tarxeta SIM**
 - d. todos están asociados ao teléfono
33. A capacidade dunha liña HSDPA pode chegar a:
- a. 140 Kb/s
 - b. 1,4 Mb/s
 - c. **14 Mb/s**
 - d. 140 Mb/s
34. Cal destas listas de tecnoloxías de telefonía móbil está na orde correcta de máis antiga a máis moderna?
- a. **GPRS - UMTS - HSDPA**
 - b. GPRS - HSDPA - UMTS
 - c. UMTS - GPRS - HSDPA
 - d. HSDPA - UMTS - GPRS
35. Que os teléfonos móbiles poidan acceder a servizos IP quere dicir que:
- a. podemos facer videoconferencias con eles
 - b. podemos acceder a internet e servizos asociados
 - c. podemos conectalos con ordenadores vía internet
 - d. **todas as anteriores son certas**
36. Cando se considera que nace oficialmente internet, co uso do protocolo TCP/IP?
- a. No 1960
 - b. No 1975
 - c. **No 1983**
 - d. No 1993

37. En que década comeza a haber servizos comerciais de internet

- a. Nos 80
- b. **Nos 90**
- c. Nos 2000
- d. Nos 70

38. Tim Berners Lee acuñou o concepto “rede de redes” e o acrónimo www, que quere dicir:

- a. Wild Wild West
- b. World Wifi Web
- c. Web Wide Wham
- d. **World Wide Web**

39. O protocolo TCP/IP vai pola versión:

- a. 1
- b. 2
- c. 4
- d. **6**

40. O protocolo TCP:

- a. Asocia un “endereço” a cada equipo conectado a internet
- b. **Fragmenta a información en paquetes e lles asigna unha orde para facilitar a súa reconstrucción**
- c. Asigna un número aleatorio a cada equipo que fai corresponder con un paquete de información asociado.
- d. Corrixe as posibles colisións entre paquetes de información na rede.

41. O protocolo IP:

- a. **Asocia un “endereço” a cada equipo conectado a internet**
- b. Fragmenta a información en paquetes e lles asigna unha orde para facilitar a súa reconstrucción
- c. Asigna un número aleatorio a cada equipo que fai corresponder con un paquete de información asociado.
- d. Corrixe as posibles colisións entre paquetes de información na rede.

42. Na estrutura de internet:

- a. Os clientes (hosts) acceden a información almacenada nos servidores (clients)
- b. Os clientes (clients) acceden a información almacenada no servidor (ISP)
- c. **Os clientes (clients) acceden a información almacenada nos servidores (hosts)**
- d. Os servidores (hosts) acceden á información almacenada nos clientes (clients)

43. Telefónica, Orange, R... todos eles son:

- a. Servidores (hosts)
- b. **ISP's (Internet Service Providers)**
- c. DNS (Domain Name Systems)
- d. Clientes (clients)

44. O sistema que traduce os enderezos numéricos IP a nomes recoñecibles chámase:
- a. **DNS**
 - b. THC
 - c. DHCP
 - d. TCP/IP
45. Cal destes números pode ser unha IP?
- a. 19216801
 - b. 356.888.960.111
 - c. 1921.6.8.0.1
 - d. **192.168.0.1**
46. Unha LAN é:
- a. Unha rede de área extensa
 - b. Unha rede de área persoal
 - c. **Unha rede de área local**
 - d. Todas as anteriores son certas
47. O número de usuarios de internet no mundo é de arredor do:
- a. **30% da poboación mundial**
 - b. 50% da poboación mundial
 - c. 70% da poboación mundial
 - d. 90% da poboación mundial
48. O anterior equivale a:
- a. Uns 1.000.000.000 usuarios
 - b. **Uns 2.000.000.000 usuarios**
 - c. Uns 3.000.000.000 usuarios
 - d. Uns 4.000.000.000 usuarios
49. Facebook é unha rede social que conta con aproximadamente:
- a. Uns 20.000.000 de usuarios
 - b. Uns 200.000.000 de usuarios
 - c. **Uns 800.000.000 de usuarios**
 - d. Uns 1.600.000.000 de usuarios
50. Os servizos na nube:
- a. Permitiron crear os servizos de correo electrónico
 - b. Serven para crear empresas de comercio electrónico
 - c. Permiten conectar os equipos situados en diferentes puntos da rede para crear redes de intercambio de información P2P
 - d. **Permiten empregar a capacidade de computación de múltiples equipos conectados a internet**